

PRTDSN 2017

DESCOBRIR A ORIENTACIÓN

BOLETÍN 2

MONTE ENXA

DÉCIMA PROBA DA LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN

14OUT17



UNDÉCIMA PROBA DA LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN

URBANA PORTO DO SON

organiza



colabora



+INFO

www.fegado.es

1. Datos xerais:

► Horario:

09:00.- Apertura de Secretaría.

10:00.- Saída dos primeiros participantes.

14:00.- Peche de meta.

O tempo máximo de carreira é de **2 horas e 30 minutos.*

► Mapa:

MONTE ENXA. Rexistro FEDO C-2021-17

Escala 1:10000 e 1:7500 (para percorridos INI CURTA e M/F 12-14-16-55)

Equidistancia: 5 metros

Coordenadas Secretaría: 42.70552, -8.99442

► Tipo de pobra:

Distancia intermedia. Tempo gañador, aprox. 50'-70'.

► Como chegar:

A vila de Porto do Son atópase na ría de Muros e Noia entre as localidades de Noia e Santa Uxía de Ribeira. Para chegar a nosa vila, podedes acceder, si se viaxa desde a zona Sur, pola autovía do Barbanza (AG-11) ata a localidade de Ribeira e, desde alí, coller dirección N pola AC-550. Tamén, accedendo desde

a zona de Santiago, a través da Autovía de Brión (AG-56), que logo se transforma no corredor de Noia (CG-1.5).

► Centro de Competición:

Para chegar o centro de competición será necesario seguir as indicacións colocadas, por medio das sinais habituais (frecha na sinal de orientación) que serán colocadas a partir do km 88,1 da AC-550, punto no que se atopa o desvío dirección Monte Enxa, ó que se accede pola estrada CP-7102. Nesa estrada, pola que teremos que transitar durante 4 km, atoparemos varias sinais indicadoras, que nos conducirán ata o centro de competición, no que se localizará a SECRETARÍA. Rogamos que se respecten as sinais indicadoras e os mapas que axuntamos para chegar ó centro de competición. Hai outras opcións de chegar pero, por cuestións organizativas, a única alternativa oficial é a indicada.

* **ATENCIÓN.** Nesta última parte do viaxe en coche, imos a pasar ó lado da PRESAÍDA. Rógase moita precaución para evitar problemas cos peóns.

* **ATENCIÓN.** Desde o momento no que pasamos a PRESAÍDA, podemos ir buscando sitio para aparcar. Os aparcamentos pódense realizar, ademais de na zona de SECRETARÍA, por toda a beira da estrada. Rógase ocupar **SO UNHA DAS BEIRAS** xa que a estrada non é moi ancha.

✓ Desde a SECRETARÍA hai un tramo de **600 metros** ata a PRESAÍDA que nos poden levar uns 5' camiñando

- ✓ Desde a PRESAÍDA hai un tramo de **700 metros** e un desnivel positivo de **90 metros** ata a zona de SAÍDA. Daremos 15' para cubrir esta distancia. Atención polo tanto á hora de saída de cada corredor, xa que tódolos participantes deberán atoparse na zona de presaída con 15' de antelación.
- ✓ Consulta o esquema de saídas nos adxuntos para máis información.

[Consulta este MAPA para vela información descrita no texto.](#)

► Características da zona:

A zona de competición está moi preto de Porto do Son, nas ladeiras do monte Enxa. Trátase dun **mapa de nova creación**, sobre un terreo que rodea o monte Enxa, que se caracteriza pola combinación de zonas de importante desnivel con áreas practicamente chans. Atoparémonos dentro deste mapa coa vexetación habitual de monte baixo, con zonas de progresión moi dificultada pola maleza e zonas de bosque limpo e espazos abertos que permitirán unha boa velocidade de carreira.

Ocupa este mapa unha zona de pastoreo e cría extensiva de reses. Para a celebración da proba, o gando foi trasladado a outras parcelas, polo que non debería existir ningún problema nese sentido. De calquera xeito, hai unha cantidade importante de cercados e valados de arames ós que é necesario

prestarlle unha gran atención para evitar accidentes, ademais indicaranse no mapa os pasos habilitados ó efecto, co símbolo 708 (punto de paso).

Durante a proba, prepararanse **dous avituallamentos líquidos**, que estarán sinalados no mapa. Non estarán atendidos por voluntarios así que se roga ós competidores civismo a hora de manexar os vasos dispostos para a auga. Estarán preparadas unhas bolsas ou papeleiras para depositar os recipientes que se usen.

É imprescindible o uso de polainas.

2. Percorridos:

Para participar nunha das categorías oficiais, en función da idade do deportista, hai que estar en posesión da licencia deportiva correspondente, emitida pola Federación Española de Deportes de Orientación. O resto dos participantes, deben inscribirse nas categorías de Iniciación Curta ou Iniciación Longa.

Aqueles deportistas federados que queiran puntuar para o ranking da Liga Galega de O-PE deberán levar nun lugar visible o seu número de dorsal.

PERC	CATEGORÍA	DISTANCIA	DESNIVEL (M)	Nº CONTR.	ESCALA	T. estimado Gañador
P01	INI Curta	2.350	45	10	1 : 7.500	23'
P02	INI Longa	3.890	70	14	1 : 10.000	38'
P03	FEM-12	2.510	55	10	1 : 7.500	23'
P04	MASC-12	2.600	55	11	1 : 7.500	23'
P05	FEM-14	2.840	65	10	1 : 7.500	25'
P06	MASC-14	2.960	65	12	1 : 7.500	25'
P07	FEM-16	2.910	50	12	1 : 7.500	26'
P08	MASC-16	3.170	90	12	1 : 7.500	26'
P09	FEM-18	3.590	75	13	1 : 10.000	31'
P10	MASC-18	3.960	80	14	1 : 10.000	32'
P11	FEM-21B	3.780	65	12	1 : 10.000	32'
P12	MASC-21B	4.240	85	13	1 : 10.000	34'
P13	FEM-21A	4.610	90	15	1 : 10.000	44'
P14	MASC-21A	7.330	170	23	1 : 10.000	63'
P15	FEM-ÉLITE	6.700	190	22	1 : 10.000	63'
P16	ÉLITE	8.680	270	25	1 : 10.000	70'
P17	FEM-35	5.420	115	18	1 : 10.000	53'
P18	MASC-35	7.280	250	23	1 : 10.000	64'
P19	FEM-40	4.960	120	16	1 : 10.000	49'
P20	MASC-40	6.290	190	22	1 : 10.000	58'
P21	FEM-45	4.000	115	15	1 : 10.000	41'
P22	MASC-45	5.710	130	19	1 : 10.000	55'
P23	FEM-55	2.950	50	10	1 : 7.500	34'
P24	MASC-55	3.750	65	12	1 : 7.500	37'

3. Inscripcións:

Ata as **22 horas do martes 10 de Outubro**. Realizaranse a través do sistema de inscricións da FEGADO, desde a súa páxina web (<http://fegado.es/intranet>).

- Os deportistas xa dados de alta na intranet, deberán seleccionar o evento, marcarán a categoría na que desexen competir e confirmarán a súa inscrición.
- Os deportistas que non están dados de alta na intranet, teñen que crear un perfil na mesma, seguindo as instrucións da propia web. Aconséllase a estes participantes que contacten con algún club para canalizar as inscricións a través dos mesmos.

Prezos das inscricións		
Federados	Non federados inclúe seguro federativo de 1 día	
5 €	INI CORTA	INI LARGA
	7 €	9 €

Utilizarase o sistema SportIdent como sistema de control de tempos. Nos datos de inscrición hai que indicar o número da pinza/tarxeta SI. A todo aquel que non indique este dato, asignaráselle unha pinza de aluguer, que se deberá recoller na zona da secretaría o día da proba. O prezo do aluguer da pinza/tarxeta SportIdent é de **3 €**, que se sumará a cota de inscrición de cada

participante. A perda da pinza/tarxeta suporá o pago do seu custo (**35 € /12 €**).

O ingreso da cota de participación realizarase mediante un ingreso na conta bancaria do club:

TITULAR: Asociación deportiva e cultural Arnela

IBAN: **ES07 0133 6052 9842 0000 1915**

CONCEPTO: OPE + nome do club (ou participante)

Unha vez realizado o pago, hai que enviar copia do xustificante o e-mail do club (adcarnela@gmail.com).

4. Servizo de ludoteca e chan duro..

Habilitarase, para os competidores que así o desexen e o soliciten previamente, un servizo de **LUDETECA** (**GPS 42.72445, -9.00576**) para os seus fillos, que será atendido por persoal municipal. Para solicitar este servizo, será imprescindible cubrir o formulario que se incluíra nos adxuntos e remitilo asinado ó mail do club, antes do **xoves 12 ás 15 horas**. Non se permitirá o acceso á ludoteca sen este requisito básico. Para deixar ós nenos na Ludoteca, poden facer unha parada na propia estrada AC-550, tomando como referencia a parada de autobús da vila (marquesiña de grandes dimensións, de cristal) desde onde poden acercar ó neno a pe, xa que o local se atopa a menos de 100 metros de distancia

De igual forma, habilitarase tamén o servizo de **CHAN DURO** (**Coordenadas GPS 42.72305, -9.00748**), para aqueles competidores que desexen pasar a noite do venres 13 en Porto do Son. Utilizarase para este fin o Pavillón Polideportivo Santa Irene. O chan duro estará dispoñible desde o venres 13 ás 20:00 horas ata o sábado 14 ata o momento de entrega dos trofeos.

Para utilizar este servizo, é imprescindible que os competidores cumprimenten o formulario tamén incluído nos adxuntos.

5. Comer e durmir.

https://drive.google.com/open?id=13qHkEcQEY_F41XXXu3U1vzvpac&usp=sharing

6. Colaboradores:



MAPAS ACLARATORIOS:

